

desemprego comprendido na letra d) do artigo 215.1.1 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, para unha maior garantía de integración socio-laboral, recibirán unha atención prioritaria nas políticas activas de emprego, de acordo coas súas necesidades, como poderían ser, se é caso, a substitución do subsidio por desemprego por accións específicas de promoción, formación ou reconversión profesional determinadas polos organismos públicos de emprego.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ou sexan incompatibles co previsto na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Autorización de desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para dicta-las normas regulamentarias precisas para o adecuado desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de outubro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

21088 *LEI 37/1999, do 28 de outubro, pola que se modifica a Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial. («BOE» 359, do 29-10-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, en cumprimento do establecido na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, establecía unha previsión nos seus anexos VII, VIII e IX, en materia de planta xudicial das ordes xurisdiccionais penal, contencioso-administrativa e social, que se axustaba ás necesidades xudiciais do momento.

A aparición de novas necesidades nas citadas ordes xurisdiccionais, que esixen de forma ineludible a súa satisfacción, así como a actual carga competencial de determinados órganos xudiciais, incompatibles co funcionamento eficaz da Administración de Xustiza, xustifican a continuidade do desenvolvemento efectivo da demarcación e da planta xudicial. Sen esquecer as recentes novidades lexislativas —Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa; Lei 36/1998, do 10 de novembro, de modificación do artigo 14, puntos primeiro e terceiro, da Lei de axuízamento criminal, e Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal— que inciden de forma evidente na estrutura xudicial.

Como consecuencia do desenvolvemento e adaptación da demarcación e da planta xudicial, coa finalidade

de lograr unha maior aproximación da Administración de xustiza ó cidadán, situando este en condicións de obter un acceso máis fácil ós órganos xudiciais en demanda da tutela efectiva á que ten dereito conforme o establecido no artigo 24 da Constitución e, por tanto, co obxectivo de conseguir unha mellor prestación no servizo da Administración de xustiza, avánzase no desenvolvemento práctico das previsións que conteñen os artigos 89 bis.1, 90.2 e 92.1 da Lei orgánica do poder xudicial, mediante a creación efectiva de novas circunscricións, e como consecuencia diso de novos xulgados do penal, do contencioso-administrativo e do social, complementando así a liña iniciada na Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, e seguida pola Lei 3/1992, do 20 de marzo, sobre medidas de corrección da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, e a Lei 2/1999, do 11 de xaneiro, de modificación da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, pola que se crean diversas seccións de Audiencia Provincial fóra da capital da provincia.

Todo iso aparece xa xustificado na exposición de motivos da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, ó establecer que tanto a demarcación como a planta xudicial son susceptibles de adaptación e perfeccionamento, para garantir a permanente adaptación cualitativa e cuantitativa do deseño orgánico establecido na Lei orgánica do poder xudicial ás novas necesidades que poidan xurdir.

Así mesmo, a Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa esixe que determinados artigos da Lei de demarcación e de planta xudicial teñan unha redacción acorde coas previsións competenciais da Lei reguladora da mencionada xurisdicción, como xa se fixo na Lei orgánica 6/1998, do 13 de xullo, pola que se engade un novo punto 4 ó artigo 90 da Lei orgánica do poder xudicial. En consecuencia, cómpre a adaptación da Lei de demarcación e de planta xudicial no concenente ós xulgados centrais do contencioso-administrativo.

Polo tanto, esta modificación realízase de acordo coas previsións legais establecidas no artigo 35 da citada Lei orgánica do poder xudicial, vistas as propostas das Comunidades Autónomas afectadas, e con informe do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Artigo primeiro.

Modifícase a redacción orixinaria do artigo 1 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, nos seguintes termos:

«O Tribunal Supremo, a Audiencia Nacional, os xulgados centrais de instrucción, os xulgados centrais do penal e os xulgados centrais do contencioso-administrativo teñen xurisdicción en toda España.»

Artigo segundo.

Modifícase a redacción orixinaria do artigo 6 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, nos seguintes termos:

«O Tribunal Supremo, a Audiencia Nacional, os xulgados centrais de instrucción, os xulgados centrais do penal e os xulgados centrais do contencioso-administrativo teñen a súa sede na vila de Madrid.»

Artigo terceiro.

Modifícase a redacción orixinaria do artigo 16 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, nos seguintes termos:

«A planta dos xulgados centrais do contencioso-administrativo e dos xulgados do contencioso-administrativo é a establecida no anexo VIII desta lei.»

Artigo cuarto.

Modifícase o anexo VII da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, nos seguintes termos:

**«ANEXO VII
Xulgados do penal**

Provincia	Sede en partido xudicial número		Número de xulgados
<i>Andalucía</i>			
Almería	1		3
Cádiz	3	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 3, 5 e 8.	3
	4		3
	7	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 2, 7 e 15. Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial 12.	3
	12		2
Córdoba	8		4
Granada	3		5
	4	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 4 e 9.	1
Huelva	2		3
Xaén	1		3
Málaga	3		9
	8	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial 8.	2
Sevilla	6		11
<i>Aragón</i>			
Huesca	4		1
Teruel	3		1
Zaragoza	3		7
<i>Asturias</i>			
Asturias	4	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 4, 7, 15 e 16. Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 8 e 17.	1
	8		2
	10	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 9 e 13.	4
	13		1
<i>Illas Baleares</i>			
Illas Baleares	1	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 1 e 6.	1
	3		7
	5	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial 5.	2
<i>Canarias</i>			
As Palmas	1	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 1 e 3.	1
	2		5
Santa Cruz de Tenerife	3		4
<i>Cantabria</i>			
Cantabria	3		3
<i>Castela e León</i>			
Ávila	3		1
Burgos	1		2
León	2		2
	4	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial 4.	1
Palencia	1		1
Salamanca	1		2
Segovia	1		1
Soria	3		1
Valladolid	1		3
Zamora	2		1
<i>Castela-A Mancha</i>			
Albacete	1		2
Cidade Real	2		2
Conca	1		1
Guadalaxara	1		1
Toledo	5		2

Provincia	Sede en partido xudicial número		Número de xulgados
<i>Cataluña</i>			
Barcelona	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 2, 8 e 15.	1
	3	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 3 e 22.	2
	4	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial 4.	2
	6	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial 6.	2
	11	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 1, 7, 10, 11, 12, 16, 17, 18, 20, 23 e 25.	23
Xirona	13	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 13 e 19.	2
	14	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 9, 4 e 21.	2
	15	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 15 e 24.	2
Lleida	1	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial 1.	1
	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9.	4
Tarragona	4		2
	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 2 e 8.	2
Tarragona	6	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 1, 4 e 6.	4
	7	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 3, 5 e 7.	1
<i>Comunidade Valenciana</i>			
Alacant	3		7
	4	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 4 e 13.	1
Castellón	8	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial 8.	2
	9	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 1 e 9.	1
	1		3
Valencia	3	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial 3.	1
	2	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial 2.	1
	6		12
<i>Estremadura</i>			
Badaxoz	4	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 2, 4, 13 e 14.	1
	5		2
Cáceres	11	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 1, 9, 10 e 11.	1
	1		1
	4	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 2, 3 e 4.	1
<i>Galicia</i>			
A Coruña	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 2, 10 e 13.	2
	3	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 3 e 9.	1
Lugo	4		3
	3		2
Ourense	1		2
Pontevedra	3	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 3 e 10.	3
	4		2
<i>Madrid</i>			
Madrid	4	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 2, 4, 13 e 14.	3
	6	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 3, 6, 17 e 18.	2
Madrid	10	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 8, 9, 10, 16 e 20.	2
	11		27
<i>Murcia</i>			
Murcia	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 2 e 11.	2
	4	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 4 e 9.	1
	6		4
<i>Navarra</i>			
Navarra	4		3
<i>País Vasco</i>			
Álava	2		2
Guipúscoa	5		5
Biscaia	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 2 e 5.	2
	4		7

Provincia	Sede en partido xudicial número		Número de xulgados
<i>A Rioxa</i>			
A Rioxa	3		2
Audiencia Nacional			1»

Artigo quinto.

Modifícase o anexo VIII da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, nos seguintes termos:

«ANEXO VIII**Xulgados do contencioso-administrativo**

Provincia	Sede en partido xudicial número		Número de xulgados
<i>Andalucía</i>			
Almería	1		2
Cádiz	3	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 3, 5 e 8.	1
	4		3
	7	Estende a súa xurisdicción ós partidos judiciais 2, 7 e 15.	1
Córdoba	8		2
Granada	3		3
Huelva	2		1
Xaén	1		2
Málaga	3		4
Sevilla	6		6
<i>Asturias</i>			
Asturias	8	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 8 e 17.	2
	10		6
<i>Comunidade Valenciana</i>			
Alacant	3		4
	8	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 4, 8 e 13.	1
Castellón	1		2
Valencia	6		8
<i>Estremadura</i>			
Badaxoz	4	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 1, 2, 4, 9, 10, 11, 13 e 14.	1
	5		1
Cáceres	1		1
<i>Galicia</i>			
A Coruña	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 2, 10 e 13.	1
	3	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 3 e 9.	1
	4		4
Lugo	3		1
Ourense	1		1
Pontevedra	3	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 3 e 10.	1
	4		3
<i>Murcia</i>			
Murcia	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais 2 e 11.	1
	6		3
Centrais do contencioso-administrativo.		Estende a súa xurisdicción a toda España.	10»

Artigo sexto.

Modifícase o anexo IX da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, nos seguintes termos:

**«ANEXO IX
Xulgados do Social**

Provincia sede	Número de xulgados	
<i>Andalucía</i>		
Almería	3	
Cádiz	3	
Alxeciras	1	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 3, 5 e 8.
Ceuta	1	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial número 12.
Xerez da Fronteira	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 2, 6, 7, 10, 11 e 15.
Córdoba	3	
Granada	6	
Motril	1	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 4 e 9.
Huelva	3	
Xaén	4	
Málaga	10	
Melilla	1	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial número 8.
Sevilla	10	
<i>Aragón</i>		
Huesca	1	
Teruel	1	
Zaragoza	6	
<i>Asturias</i>		
Oviedo	4	
Avilés	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 4, 7, 15 e 16.
Xixón	3	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 8 e 17.
Mieres	1	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 2, 9, 12 e 13.
<i>Illas Baleares</i>		
Palma de Mallorca	3	
Eivisa	1	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial número 5.
Maón	1	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 1 e 6.
<i>Canarias</i>		
As Palmas de Gran Canaria	6	
Arrecife	1	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 1 e 3.
Galdar	1	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial número 4.
Santa Cruz de Tenerife	4	
<i>Cantabria</i>		
Santander	4	
<i>Castela e León</i>		
Ávila	1	
Burgos	2	
León	3	
Ponferrada	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 4 e 7.
Palencia	2	
Salamanca	2	
Segovia	1	
Soria	1	
Valladolid	3	
Zamora	1	
<i>Castela-A Mancha</i>		
Albacete	3	
Cidade Real	2	

Provincia sede	Número de xulgados	
Conca	1	
Guadalaxara	1	
Toledo	2	
<i>Cataluña</i>		
Barcelona	32	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 1, 7, 9, 10, 11, 12, 14, 16, 17, 18, 20, 21, 23 e 25.
Granollers	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 3, 5 e 22.
Manresa	1	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 2 e 8.
Mataró	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 4 e 6.
Sabadell	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 13 e 19.
Terrassa	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 15 e 24.
Xirona	3	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9.
Figueres	1	Estende a súa xurisdicción ó partido xudicial número 1.
Lleida	2	
Tarragona	3	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 1, 4 e 6.
Reus	1	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 2 e 8.
Tortosa	1	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 3, 5 e 7.
<i>Comunidade Valenciana</i>		
Alacant	7	
Elxe	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 4, 8 e 13.
Benidorm	1	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 1 e 9.
Castellón da Plana	2	
Valencia	17	
<i>Estremadura</i>		
Badaxoz	3	
Cáceres	2	
<i>Galicia</i>		
A Coruña	4	
Ferrol	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 3 e 9.
Santiago de Compostela	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 2, 5, 10, 11, 12 e 13.
Lugo	3	
Ourense	3	
Pontevedra	3	
Vigo	5	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 1, 3, 6, 7, 10 e 11.
<i>Madrid</i>		
Madrid	37	
Alcalá de Henares	1	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 2, 4, 13 e 14.
Xetafe	1	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 8, 9, 10, 16 e 20.
Móstoles	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 3, 6, 17 e 18.
<i>Murcia</i>		
Murcia	6	
Cartagena	2	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 2 e 11.
<i>Navarra</i>		
Pamplona	3	
<i>País Vasco</i>		
Vitoria-Gasteiz	3	
Donostia-San Sebastián	5	
Eibar	1	Estende a súa xurisdicción ós partidos xudiciais números 3 e 4.
Bilbao	9	
<i>A Ríoxa</i>		
Logroño	2»	

Disposición transitoria primeira.

Mentres as Comunidades Autónomas respectivas non fixen a sede dos xulgados do penal, do contencioso-administrativo e do social, esta entenderase situada onde se constituísen os xulgados do penal, do contencioso-administrativo e do social correspondentes, segundo o disposto nos artigos cuarto, quinto e sexto desta lei, que modifican parcialmente os anexos VII, VIII e IX da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial.

Disposición transitoria segunda.

Mentres non entren en funcionamento os xulgados do penal, do contencioso-administrativo e do social correspondentes ás novas circunscricións territoriais, creadas por esta lei, manterán a súa competencia os órganos xudiciais que a tivesen á entrada en vigor desta disposición, coñecendo dos asuntos pendentes ante eles ata a súa definitiva conclusión.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

O Goberno dictará cantas disposicións sexan precisas na execución e desenvolvemento do previsto nesta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de outubro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

21179 REAL DECRETO LEI 17/1999, do 29 de outubro, polo que se conceden varios créditos extraordinarios, por importe total de 6.946.700.000 pesetas, para atender obrigacións derivadas de gastos de investimento, do Ministerio de Medio Ambiente. («BOE» 260, do 30-10-1999.)

O artigo 63 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado por Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, segundo a redacción dada a el pola Lei 11/1996, do 27 de decembro, de medidas de disciplina orzamentaria, dispón que con cargo ós créditos de cada orzamento só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Neste artigo, ademais, establécense os requisitos para que, en determinadas circunstancias, se imputen ó orzamento dun exercicio obrigacións xeradas en exercicios anteriores.

O Ministerio de Medio Ambiente ten que atende-lo pagamento de diversas obrigacións procedentes de exercicios anteriores que están pendentes de imputar orzamentariamente e que non poden ser aplicadas ó exercicio corrente por non concorreren nelas os requisitos a que fai referencia o artigo 63 antes citado.

Estas obrigacións corresponden a diferentes gastos de investimento da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas e Calidade das Augas consistentes en: expropiacións, xuros de demora en expropiacións, liquidacións, convenios, validacións, obras de emerxencia, revisións e outras incidencias, xeradas durante os exercicios 1997 e 1998.

Dado que tales obrigacións non poden ser imputadas ó exercicio corrente, que o seu pagamento non pode atrasarse debido ó prexuízo que suporía para os acredores afectados e que a propia disciplina orzamentaria esixe que non se demore a súa aplicación ó orzamento, hai que dicar unha norma con rango de lei para dota-la cobertura crediticia necesaria para a súa cancelación.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e da ministra de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de outubro de 1999,

DISPONGO:**Artigo 1. *Concesión de créditos extraordinarios.***

Para atender obrigacións xeradas durante os exercicios 1997 e 1998, concédense créditos extraordinarios por importe de 6.946.700.000 pesetas, no vixente orzamento da Sección 23 «Ministerio de Medio Ambiente», co detalle que se recolle no anexo.

Artigo 2. *Financiamento dos créditos extraordinarios.*

Os créditos extraordinarios que se conceden no artigo 1 financiaranse con Débeda Pública, de conformidade co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de outubro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

ANEXO**CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS****Servicio 05: Dirección Xeral de Obras Hidráulicas e Calidade das Augas**

Aplicación	Denominación	Importe — Pesetas
Artigo 60.	Programa 441.A «Infraestructura urbana de saneamento e calidade da auga» Investimento novo en infraestructura e bens destinados ó uso xeral:	
Concepto 604.	Obrigacións dos exercicios 1997 e 1998	125.400.000